(1) Nos exercicios 2022 e 2021, tomando como referencia as interpretacións do Consello Xeral de Economistas publicadas en marzo de 2010, non se contempla como Activo Financeiro no apartado de “Debedores comerciais e outras contas a cobrar “as partidas correspondentes á Administración Pública.

6.1. Usuarios/as e outros debedores da actividade propia.

A 31 de diciembre de 2023 o seu detalle é o seguinte:

Usuarios/as e outros debedores da actividade propia	**Saldo inicial**	Entradas	Saídas	**Saldo final**
	01/01/2023	Adicións	Diminucións	**31/12/2023**
Patrocinadores (447)	4.695,00€	149.870,28€	(126.180,42€)	28.384,86€
Debedores por prestación de servizos (448)	11.689,26€	104.036,71€	(80.763,15€)	34.962,82€
TOTAL	**16.384,26€**	**253.906,99€**	**(206.943,57€)**	**63.347,68€**

A partida de Patrocinadores correspóndese coas débedas pendentes de cobranza de patrocinadores privados que colaboran economicamente en proxectos Federativos a través das convocatorias de axudas. A partida de Debedores por prestación de servizos inclúe os saldos pendentes de cobranza correspondentes a facturas emitidas polos servizos prestados.

6.2. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.

Esta partida figura, ao peche do exercicio, por un total de 710.136,96 € incluíndo os saldos das Administracións Públicas e que se corresponde co seguinte detalle:

Partidas	Euros
Clientes	797,18 €
Facenda Pública debedora por subvencións concedidas	705.926,71 €
Organismos da Seguridade Social debedores	3.413,07 €
Total	**710.136,96 €**

O saldo na partida de Clientes débese a facturas emitidas pendentes de cobranza as entidades membro da Federación, por servizos de xestión da formación bonificada para o emprego. Estas facturas son cobradas antes do 31/01/2024, requisito imprescindible a cumprir para poder aplicar a bonificación da Seguridade Social de formación para o empleo.

O saldo por subvencións concedidas por Organismos Públicos pendentes de cobranza a data de peche do exercicio 2023 é de 705.926,71 €.

Organismos da Seguridade Social debedores, recolle un importe de 3.413,07 €, dos cales 2.057,12 € corresponden á bonificación por formación para o emprego aplicada no último mes do exercicio é 1.355,95 € por pago delegado de persoal en situación de incapacidade temporal. Estas contías compénsanse no pago dos gastos de Seguridade Social de decembro 2023, realizado o 31 de xaneiro de 2024.

6.4. Periodificacións a curto prazo.

Ao 31 de decembro do 2023 e 2022 o seu detalle é o seguinte:

Partida	2023	2022
Gastos anticipados	689,80 €	46,16 €
Total	**689,80 €**	**46,16 €**

A partida de gastos anticipados correspóndese coa periodificación de primas de seguro, pola parte de cobertura do risco do exercicio seguinte. No exercicio 2023 aumentou debido á contratación do seguro de dous vehículos anuais con renovación no mes de xullo.

6.5. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.

A 31 de decembro de 2023 e 2022 o seu detalle é o seguinte:

Partidas	2023	2022
Caixa euros	747,78 €	443,88 €

Bancos contas correntes	553.936,04 €	356.663,37 €
Conta PayPal	40,00 €	511,03 €
Total	**554.723,82 €**	**357.618,28 €**

7. PASIVOS FINANCEIROS – PASIVOS CORRENTES

A continuación, desagrégase cada clase de pasivo financeiro atendendo ás categorías establecidas na norma de rexistro e valoración décima de pasivos financeiros e vixésima de subvencións, doazóns e legados recibidos.

CLASES	**Instrumentos financieros a c/p**	
	Outros	
CATEGORÍAS	**31/12/2023**	**31/12/2022**
Pasivos financeiros a custe amortizado	**1.176.124,28 €**	**768.433,64 €**
Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados (Nota 7.1)	488.137,77 €	217.448,88 €
Provedores de inmovilizado	- €	18,00 €
Beneficiarios-Acredores	676.613,85 €	543.622,42 €
Acredores comerciais e outras contas a pagar (1)	**11.372,66 €**	**7.344,34 €**
Provedores	- €	2.680,55 €
Acredores por prestación de servizos	11.128,42 €	4.196,64 €
Remuneracións pendentes de pago	244,24 €	467,15 €
TOTAL	**1.176.124,28 €**	**768.433,64 €**

(1) Nos exercicios 2023 e 2022, tomando como referencia as interpretacións do Consello Xeral de Economistas publicadas en marzo de 2010, non se contempla como Pasivo Financeiro as partidas correspondentes á Administración Pública.

7.1. Débedas a curto prazo.

O detalle deste epígrafe do pasivo do balance a 31 de decembro de 2023 e 2022 é como segue:

Débedas a curto prazo	**2023**	**2022**
Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados	488.137,77 €	217.448,88 €
Total	**488.137,77 €**	**217.448,88 €**

Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados		
Órgano concedente	***Subvención - axuda***	***Importe pendiente de executar a 31/12/2023***
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social	Programas de Cooperación-Desempleados (TR352A 2023)	184.845,79
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social	Axentes de emprego e Unidades de Apoio (TR352B 2023)	205.268,07€
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral	Orientación laboral (TR331A 2023)	31.023,91 €

Fundación La Caixa	Convocatoria Galicia 2023	30.000,00 €
Fundación ONCE	Convocatoria General 2023	7.000,00 €
Fundación Iberdrola	Convocatoria del Programa Social de la Fundación Iberdrola España para 2024	30.000,00 €
TOTAL		***488.137,77 €***

En cumprimento do Plan de Contabilidade de aplicación, a Federación recolle na partida denominada *Débedas a c/p transformables en subvencións, doazóns e legados* do Pasivo do Balance, as axudas obtidas para financiar gastos específicos de execución plurianual, e que, segundo o indicado na norma de valoración 20ª, imputaranse ao resultado do exercicio económico e ao patrimonio seguindo o mesmo deveño que os gastos que financian. Sendo a contía máis significativa a correspondente a Subvencións Públicas para cubrir gastos de persoal, aprobadas a través de resolución en firme por parte da Xunta de Galicia e cuxo gasto se vai devindicando mensualmente ata a finalización do servizo subvencionado.

7.2. Provedores de inmobilizado

Nesta partida recóllese as débedas pendentes de pago pola adquisición de inmobilizado, non habendo saldos pendentes a peche do 2023.

7.3. Beneficiarios-acredores

O detalle deste epígrafe é como segue:

Beneficiarios-acredores	**Saldo inicial 01/01/2023**	Entradas Adicións	Saídas Diminucións	**Saldo final 31/12/2023**
Beneficiarios-acredores	543.622,42 €	714.065,90 €	581.074,47 €	676.613,85 €
TOTAL	**543.622,42 €**	**714.065,90 €**	**581.074,47 €**	**676.613,85 €**

O saldo ao final do exercicio 2023 correspóndese coa repartición de axudas concedidas ás entidades federadas pendentes de pago. O pago realízase unha vez foron executados os proxectos que se financian, xustificado e cobrado polo organismo financiador.

7.3. Acredores comerciais e outras contas a pagar.

A partida de "Acredores comerciais e outras contas a pagar" contempla o pasivo seguinte por acredores pendentes de pago:

Partidas	**31/12/2023**	**31/12/2022**
Provedores	0,00 €	2.680,55 €
Acredores por prestación de servizos	11.128,42 €	4.196,64 €
Remuneracións pendentes de pago	244,24 €	467,15 €
Total	**11.372,66 €**	**7.344,34 €**

A peche do exercicio non constan facturas recibidas por contratación de servizos da actividade esencial da organización pendentes de pago.

A partida de acredores por prestación de servizos recolle saldos de facturas recibidas nos últimos días do ano cuxo pago se realiza no exercicio seguinte. Trátase de acredores de servizos accesorios.

O saldo de remuneracións pendentes de pago, débese a gastos de desprazamentos e/o dietas do persoal dos últimos días do ano, que se inclúen na nómina de xaneiro do exercicio seguinte.

Información sobre aprazamentos de pago efectuados a provedores-acredores de bens e servizos. Disposición adicional terceira:" Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 xullo.

	Pagos realizados e pendentes de pago a data de peche do exercicio			
	Exercicio 2023		**Exercicio 2022**	
	Importe	**%**	**Importe**	**%**
Dentro do prazo máximo legal	1.035.511,94 €	99,824%	594.180,81 €	99,42%
Resto	1.827,00 €	0,176%	3.458,40 €	0,58%
Total pagos a acredores do exercicio	**1.037.338,94 €**	**100,00%**	**597.639,21 €**	**100,00%**
Aprazamentos que a data de peche sobrepasan o prazo máximo legal	468,50 €			

O cadro anterior reflicte a cifra total de pagos correspondentes ás partidas de Pasivo II. Débedas a curto prazo: Provedores, Provedores de Inmobilizado a c/p (nota 7.1) e Outros Acredores por Prestación de Servizos. O atraso nos pagos débese a facturas recibidas excedendo o límite de 60 días, pagadas por tanto á súa recepción.

No Balance de Situación a 31/12/23, no pasivo corrente figura a partida de "Acredores comerciais e outras contas para pagar" incluíndo os saldos coas Administracións Públicas e que se corresponde co seguinte o detalle:

Partidas	**2023**	**2022**
Provedores	- €	2.680,55 €
Acredores por prestación de servizos	11.128,42 €	4.196,64 €
Remuneracións pendentes de pago	244,24 €	467,15 €
H.P. Acredora por retencións practicadas	21.195,07 €	26.273,05 €
H.P. Acredora por subvencións a reintegrar	18.459,02 €	7.247,45 €
Organismos seguridade social acredores	28.548,91 €	37.842,23 €
Total	**79.575,66 €**	**78.707,07 €**

8. FONDOS PROPIOS

Acordo co artigo 37 dos estatutos, a Federación Down Galicia fixouse inicialmente un patrimonio fundacional en 601 euros. A desagregación dos fondos propios a 31 de decembro de 2023 e 2022 é o seguinte:

Concepto	2023	2022
Fondo Social	7.020,90 €	7.020,90 €
Reservas Voluntarias (1)	72.641,60 €	72.693,58 €
Excedente do exercicio (positivo)	8.886,98 €	3.940,46 €
Total fondos propios	**88.549,48 €**	**83.654,94 €**

(1) No exercicio 2023 realizáronse unha serie de axustes en reservas voluntarias por erros de exercicios anteriores, tal e como se detalla a continuación.

Regularización por correccións de anos anteriores	Importe
Regularización do saldo pendente da baixa dun elemento de inmovilizado.	0,64€
Rexistrar comisións bancarias da conta de Ibercaja pendentes ao peche do exercicio anterior por problemas de acceso á banca dixital.	(67,50€)
Detectouse un erro na imputación ao resultado do exercicio 2022 da axuda recibida de programas de Axentes de Emprego e Unidades de Apoio e cuxo ingreso se imputa ao resultado do exercicio en correlación ao gasto do persoal que o executa.	(153,48€)
Detectouse un erro na imputación ao resultado do exercicio 2022 da axuda recibida de Orientación Laboral e cuxo ingreso se imputa ao resultado do exercicio en correlación ao gasto do persoal que o executa, debido ás baixas por incapacidade temporal.	(3.712,25€)
Reposición dunha cámara en garantía.	(59,85€)
Total variación de reservas voluntarias	**(3.992,44€)**

Polo principio de importancia relativa, posto que os distintos axustes de reservas voluntarias, correspondentes a partidas de exercicios anteriores, non implican un elevado impacto, non se contempla modificar o balance do exercicio anterior, manténdose segundo realizouse ao peche nas contas do 2022.

9. SITUACIÓN FISCAL.

1. Imposto sobre beneficios.

A base impoñible do imposto sobre sociedades resulta cero, posto que a totalidade de rendas da Federación áchanse exentas, por ser o resultado obtido no exercicio produto das actividades que constitúen o obxecto social da mesma. Ademais, a actividade de formación está moi por debaixo do límite establecido legalmente para obrigar a tributar.

O réxime fiscal do imposto sobre sociedades aplicado á Federación derívase da aplicación do réxime de rendas exentas da **Lei 49/2002**, de 23 de decembro, de **réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado**. A Federación tras ser Declarada de utilidade pública no ano 2006, procedeu a solicitar o acollemento a devandita Lei 49/2002, de 23 de decembro, manténdose esa condición no exercicio 2023.

10. INGRESOS E GASTOS

10.1. INGRESOS.

O montante total de ingresos do exercicio ascendeu a **2.634.458,89 €** sendo o detalle:

10.1.a) Ingresos da entidade por actividade propia.

O importe de ingresos pola actividade propia é de **2.577.096,91€,** detallándose a continuación as partidas que o compoñen:

No epígrafe de "Cota de asociados e afiliados" recóllese o importe de cota anual de afiliación das entidades membro por un importe total de 1.051,75 €.

Na partida de "Achegas de usuarios/as" recóllese os ingresos por prestacións de servizos sociais especializados, por unha contía total de 98.275,93 €. Sendo a máis relevante a encargada pola Asociación Inserta Empleo a través da licitación para a contratación de dous servizos de Emprego con Apoio para personas coa síndrome de Down un e con outras discapacidades intelectuais, outro; por un montante total de 63.400,00 €. O resto débese a contratacións realizadas coas entidades membro da Federación para a realización da súa actividade.

"Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboradores" por importe de 3.603,35 € lanza o importe obtido a través de accións de captación e colaboracións particulares.

As partidas de "Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia", por importe de 2.474.165,88 € detállanse na Nota 11.

10.1.b) Ingresos da actividade mercantil.

A partir do exercicio 2018, tras ser aprobado pola Asamblea da entidade, o servizo de xestión de crédito de formación bonificada pola Seguridade Social pasa a ser xestionado de forma interna pola Federación. En exercicios anteriores este servizo estaba subcontratado a unha empresa externa, pero debido a diversas incidencias tomouse a decisión de internalizalo.

A actividade consiste en que Down Galicia xestiona o crédito de formación propio e o das entidades membro, non obtendo beneficio algún pola devandita actividade. A operación é a seguinte: Down Galicia contrata e asume os gastos correspondentes á formación para o persoal e posteriormente, factura a cada entidade membro a parte que lle corresponde asumir derivada da asistencia do seu persoal á formación. Ademais, Down Galicia realiza as xestións oportunas coa Seguridade Social a través de FUNDAE, para que se poida proceder coa aplicación das bonificacións oportunas.

No ano 2023, os ingresos por este servicio foron de 11.539,85 importe que coincide cos gastos asumidos pola formación realizada para o emprego, incluíndo a parte proporcional de gastos indirectos á devandita formación. Sendo o resultado da actividade igual a cero.

10.1.c) Outros ingresos da actividade.

A partida de outros ingresos da actividade de importe 19.349,45 € componse de:

- Ingresos por cesión de vivendas por parte do IGVS: no exercicio 2017 la Federación Down Galicia ha recibido, por parte del Instituto Galego de Vivenda e Solo, la titularidad de la cesión de tres viviendas ubicadas en La Coruña, Vigo y Santiago de Compostela. . Á súa vez, a Federación Down Galicia realizou a cesión das mesmas a estas entidades - Down Coruña, Down Vigo e Fundación Down Compostela-, nas cales leva a cabo o desenvolvemento de parte das actuacións englobadas na área de Vida adulta e independente. Contablemente, asimilouse dita cesión a un alugueiro, posto que a duración da cesión é de 5 anos, inferior á vida útil das vivendas, tomándose como valoración, o valor de mercado de vivendas de similares características. No exercicio 2022 obtívose a renovación de devandita concesión, por lo tanto, a operación mantense. A valoración desta operación no exercicio 2023 foi de 15.000 €.

- Ingresos por xornadas formativas: por importe 1.760,78 €. Inclúe os ingresos por impartir formación sobre o ámbito de actuación da Federación a terceiros, principalmente formación en centros educativos e universidades.

- Ingresos por formación para o emprego: Bonificacións da seguridade social por Formación Continua Bonificada prestada ao persoal, 2.588,67 €.

10.1.d) Subvencións, doazóns e legados de capital.

Las “Subvenciones, donaciones y legados de capital imputados a resultados del ejercicio afectos a la actividad propia”, por importe de 26.472,68 € se detallan en la Nota 11.

10.2. GASTOS.

O montante total de gastos do exercicio ascendeu a **2.625.571,91 €** sendo o detalle:

10.2.a) Axudas monetarias.

A partida de Axudas Monetarias comprende a execución por parte das entidades membro da Federación dos seus plans de traballo dentro dos programas federativos, así como as cotas a entidades ás que está asociada a Federación:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Axudas monetarias a entidades membro por execución de programas federativos (Subvencións públicas)	491.813,88 €
Axudas monetarias a entidades membro por execución de programas federativos (Axudas privadas)	64.800,00 €
Cotas a entidades nas que está asociada a Federación (Down España, Cermi Galicia e EAPN Galicia)	2.452,02 €
Total axudas monetarias	**559.065,90 €**

10.2.b) Axudas non monetarias.

A partida "Axudas non monetarias" recolle a cesión de 3 vivendas, que á súa vez a Federación recibe do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a tres das súas entidades federadas, sendo a valoración polo valor de mercado de vivendas de similares características:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Cesión vivenda a Asociación Down Coruña	5.400,00 €
Cesión vivenda a Fundación Down Compostela	4.800,00 €
Cesión vivenda a Asociación Down Vigo	4.800,00 €
Total axudas non monetarias	**15.000,00 €**

10.2.c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno.

Na rúbrica de gastos por colaboracións e do órgano de goberno inclúense os gastos por concepto de reembolso de custes, debidamente xustificados, a membros da Xunta Directiva por diversas actuacións en representación de Down Galicia. Sendo o importe no 2023 de 335,15 €.

10.2. d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados.

O importe que figura neste epígrafe, de 451,23 €, débese a un requirimento recibido por parte da Deputación de Pontevedra sobre a subvención outorgada no exercicio 2022, no que resolven un remanente de subvención por non admitir o cofinanciamento presentado no proxecto na súa totalidade. No orzamento inicial estimábase a participación de dous profesionais cofinanciandos e finalmente foron tres, esta desviación non foi admitida polo organismo financiador, provocando a devolución rexistrada.

10.2.e) Aprovisionamentos.

O detalle da composición do saldo ao 31 de diciembre de 2023 é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Gastos por traballos realizados por outras entidades para a actividade esencial. Accións dentro do Servizo de Promoción da autonomía persoal de persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.	820.927,02 €
Gastos por traballos realizados por outras entidades para a actividade de Formación.	11.176,26 €
Total Aprovisionamentos	**832.103,28 €**

A Federación subcontrata cada exercicio ás súas entidades membro a prestación de servizos, Servizos de promoción da autonomía persoal das persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual (SEPAP) ou programas concretos dalgunha área deste servizo, como envellecemento ou emprego con apoio.

Ademais, no exercicio 2023 realizou actuacións de xestión directa pero que implicou a contratación de servizos externos, como Encontros bilaterais de persoas adultas, en diferentes localidades da autonomía.

Os gastos asumidos para formación dos profesionais do conxunto das entidades Down son cubertos nunha parte, os correspondentes ao persoal contratado por Down Galicia, por bonificación da Seguridade Social (FUNDAE) e por facturación ás entidades membro a parte que corresponde pola formación que recibe o seu persoal.

10.2.f) Gastos de persoal.

A partida de gastos de persoal por un total de 1.020.357,22 € comprende a seguinte desagregación:

- Soldos e Salarios: supón un importe de 766.670,90 € de retribución de salario bruto ao persoal contratado.
- Indemnizacións: supón un importe de 4.219,94€ polas indemnizacións correspondentes á finalización de contratacións temporais.
- Seguridade Social Empresa: ascende a 249.466,38 € polas cargas sociais correspondentes a gastos por cotas da Seguridade Social a cargo da Federación.

Este persoal presta os seus servizos nos diferentes centros de traballo e inclúe perfís profesionais de atención directa á persoas usuarias así como persoal de xestión, coordinación, etc.

10.2.g) Outros gastos da actividade.

A desagregación da conta de “Outros gastos de actividade” é o seguinte:

PARTIDAS	IMPORTE
Cesión vivendas IGVS: Coruña, Compostela e Vigo-Programa Vida Autónoma e independente	15.000,00€
Reparacións	302,50€
Primas de Seguros	1.998,80€
Servizos bancarios	426,94€
Publicidade, propaganda e Relacións Públicas	4.839,30€
Outros Servizos (1)	146.517,15€
Outros Tributos	40,18€
Total	**169.124,87€**

(1) Detalle da partida “Outros servizos”:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Material de oficina	1.321,38€
Correos e mensaxería	171,23€
Servizos de telefonía - comunicacións	3.254,49€
Servizo de limpeza	2.501,52€
Servizos de asesoría laboral	6.601,98€
Certificación ISO calidade	574,75€

DESCRICIÓN	IMPORTE
Asesoría xurídica	3.242,80€
Servizos informáticos	4.618,57€
Formación de profesionais	2.134,97€
Formación profesional para o emprego	2.588,67€
Servizo de Prevención de Riscos Laborais	3.537,44€
Servizo de Protección de datos	1.858,80€
Auditoría de Contas Anuais	1.476,20€
Auditoría de Subvencións	6.352,50€
Servizo de destrución de papel con datos sensibles	341,00€
Transporte usuarios	92.602,00€
Dietas e desprazamentos	13.338,48€
Outras pérdidas en xestión corrente	00,37€
Total	**146.517,15€**

10.2.h) Amortización / Deterioro e resultado por alleamentos do inmobilizado.

A partida de gasto por amortización de inmobilizado no exercicio ascendeu a 29.134,26 € dos cales corresponden a amortización de inmobilizado intanxible 4.401,73 € (Nota 5.1) e á amortización de inmobilizado material 24.732,53 € (Nota 5.2).

Non se realizaron alleamentos de inmobilizado no exercicio 2023.

11. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS

A continuación, detállase a relación das Subvencións e doazóns cuxa resolución se recibiu no exercicio 2023, cuxa imputación a resultados efectúase en función da execución dos programas ou da amortización dos bens que financian, para o exercicio 2023 detállase dita imputación na nota 11.4.

AXUDAS RECIBIDAS 2023	
Subvencións Públicas á Explotación Concedidas	
Xunta de Galicia. Consellería de Política Social: Convenio Nominativo	1.207.608,00 €
Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude: Convenio de colaboración para o finaciamento do proxecto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral 2023. Beneficiarias as entidades membro da Federación.	140.000,00 €
Xunta de Galicia. Consellería de Política Social. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas,xestionado pola consellería con competencias en materia de política social da Xunta de Galicia (IRPF)	418.329,61 €
Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade. Subvencións para a contratación de axentes de emprego e/ou unidades de apoio para a creación de emprego polas entidades sen ánimo de lucro. TR352B 22 (resolución con aplicación desde 2022 recibida en 2023)	272.377,96 €
Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade. Subvencións para a contratación de axentes de emprego e/ou unidades de apoio para a creación de emprego polas entidades sen ánimo de lucro. TR352B 23	282.247,20 €

Xunta de Galicia. Consellería de promoción do emprego e igualdade. Subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. TR352A.	195.705,00 €
Xunta de Galicia. Consellería de promoción do emprego e igualdade. Subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral.TR331A	90.000,00 €
Deputación de A Coruña_ FOAXE P	25.200,00 €
Deputación de Pontevedra	5.699,20 €
Deputación de Ourense	3.624,00 €
Total Públicas Explotación:	***2.640.790,97 €***
Subvencións Públicas de Capital Concedidas	
Xunta de Galicia. Consellería de Política Social. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas,xestionado pola consellería con competencias en materia de política social da Xunta de Galicia (IRPF)	125.216,52 €
Deputación de A Coruña_ FOIE	1.224,21 €
Total Públicas Capital:	***126.440,73 €***
TOTAL DE CONCESIÓNS PÚBLICAS	**2.767.231,70 €**
Doazóns Privadas á Explotación	
Doazón Fondation Amigo	40.000,00 €
Fundación Iberdrola	30.000,00 €
La Caixa	30.000,00 €
Fundación ONCE	7.000,00 €
Prezero	3.482,75 €
Ingresos captación (La Voz de Galicia)	1.340,90 €
Doazóns empresas	2.300,00 €
Doazóns particulares personas físicas	2.253,45 €
Concesión en especie servicio SEO	2.641,43 €
Fundación Konecta programa Xuntos Somos Capaces	4.800,00 €
Total Privadas Explotación:	***123.818,53 €***
Doazóns Privadas Capital:	***- €***
TOTAL CONCESIÓNS PRIVADAS	**123.818,53 €**
TOTAL CONCESIÓNS PÚBLICAS e PRIVADAS	**2.891.050,23 €**

No exercicio 2021 a execución de fondos recibidos de distintas administracións públicas e entidades privadas, en concepto de subvencións e doazóns, para destinar ás actividades e programas federativos e para os investimentos necesarios no exercicio da súa actividade motivaron o seguinte detalle de saldos e movementos das contas do subgrupo 13:

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2022	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2022
Subvencións Oficiais de capital (130)	**44.675,83 €**	66.625,16 €	(17.445,93€)	**93.855,06€**
Doazóns de capital (131)	**10.279,07 €**	11.103,04 €	(7.841,89€)	**13.540,22€**
Outras subvencións e doazóns (132, 135)	**0,00 €**	2.335.481,63 €	(2.333.681,63€)	**1.800,00€**
TOTAL	**54.954,90 €**	**2.413.209,83€**	**(2.358.969,45€)**	**109.195,28€**

Durante o 2023 a Federación, igualmente, executou fondos de distintas administracións públicas e entidades privadas en concepto de subvencións e doazóns para destinar ás actividades e programas federativos e para os investimentos necesarios no

exercicio da súa actividade. A continuación, indícase o detalle da evolución das contas do subgrupo 13.

ELEMENTO CONTABLE	Saldo inicial 01/01/2023	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2023
Subvencións Oficiais de capital (130)	**93.855,06 €**	2.355,86 €	(22.686,38€)	**73.524,54€**
Doazóns de capital (131)	**13.540,22 €**	0,00 €	(6.520,13€)	**7.020,09€**
Outras subvencións e doazóns (132, 135)	**1.800,00 €**	2.479.345,09 €	(2.477.760,23€)	**3.384,86€**
TOTAL	**109.195,28 €**	**2.481.700,95€**	**(2.506.966,74€)**	**83.929,49€**

Os investimentos, actividades e servizos desenvolvidos mediante este financiamento coinciden plenamente cos fins da entidade e coas condicións asociadas a estas subvencións e doazóns.

11.1. Subvencións oficiais de capital.

A continuación, indícanse o detalle da partida de "Subvencións oficiais de capital" no exercicio 2022:

ENTIDADES PÚBLICAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS OFICIAIS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2022	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2022
Deputación Provincial de A Coruña 2017	**95,50€**	00,00€	(95,50€)	**00,00€**
Deputación Provincial de A Coruña 2018	**580,39€**	00,00€	(580,39€)	**00,00€**
Deputación Provincial de A Coruña 2019	**1.699,97€**	00,00€	(577,20€)	**1.122,77€**
Consellería de Política Social IRPF 2018-Ex.2019	**1.050,99€**	00,00€	(354,87€)	**696,12€**
Deputación Provincial de A Coruña 2020	**1.788,41€**	00,00€	(625,18€)	**1.163,23€**
IGAPE subvención Cheque dixital	**6.944,26€**	00,00€	(2.400,00€)	**4.544,26€**
Consellería de Política Social IRPF 2019-Ex.2020	**22.781,99€**	00,00€	(8.949,73€)	**13.832,26€**
Doazón en especie Parlamento de Galicia	**197,56€**	00,00€	(79,64€)	**117,92€**
Consellería de Política Social IRPF 2020-Ex.2021	**7.726,11€**	00,00€	(1.630,85€)	**6.095,26€**
Deputación Provincial de A Coruña 2021	**1.810,65€**	00,00€	(458,00€)	**1.352,65€**
Deputación Provincial de A Coruña 2022	**00,00€**	939,44€	(137,70€)	**801,74€**
Consellería de Política Social Adquisición Vehículos 2022	**00,00€**	58.257,53€	00,00€	**58.257,53€**
Consellería de Política Social IRPF 2021-Ex.2022	**00,00€**	7.428,19€	(1.556,87€)	**5.871,32€**
TOTAL	**44.675,83€**	**66.625,16€**	**(17.445,93€)**	**93.855,06€**

(1) Os aumentos corresponden ás subvencións públicas de capital obtidas no exercicio.
(2) As diminucións débense ao traspaso a resultados das subvencións de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian.

Na partida de "Subvencións oficiais de capital", a final de exercicio 2022 preséntase un saldo de 73.524,54€. Rexístranse as subvencións públicas concedidas á Federación para o financiamento de investimentos en inmobilizado necesario no exercicio da súa actividade, a continuación, detállase a orixe dos saldos e variacións da mesma:

ENTIDADES PÚBLICAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS OFICIAIS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2023	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2023
Deputación Provincial de A Coruña 2019	**1.122,77 €**	00,00€	(577,20€)	**545,57€**
Consellería de Política Social IRPF 2018-Execución2019	**696,12 €**	00,00€	(354,87€)	**341,25€**
Deputación Provincial de A Coruña 2020	**1.163,23 €**	00,00€	(625,18€)	**538,05€**
IGAPE subvención Cheque dixital	**4.544,26 €**	00,00€	(2.400,00€)	**2.144,26€**
Consellería de Política Social IRPF 2019-Execución2020	**13.832,26 €**	00,00€	(8.949,73€)	**4.882,53€**
Doazón en especie Parlamento de Galicia	**117,92 €**	00,00€	(79,64€)	**38,28€**
Consellería de Política Social IRPF 2020-Execución2021	**6.095,26 €**	00,00€	(1.630,85€)	**4.464,41€**
Deputación Provincial de A Coruña 2021	**1.352,65 €**	00,00€	(458,00€)	**894,65€**
Deputación Provincial de A Coruña 2022	**801,74 €**	00,00€	(234,86€)	**566,88€**
Consellería de Política Social Adquisición Vehículos	**58.257,53 €**	00,20€	(5.259,03€)	**52.998,70€**
Consellería de Política Social IRPF 2021-Execución2022	**5.871,32 €**	00,00€	(1.857,05€)	**4.014,27€**
Deputación Provincial de A Coruña 2023	- €	1.224,21€	(127,45€)	**1.096,76€**
Consellería de Política Social IRPF 2022-Execución2023	- €	1.131,45	(132,52€)	**998,93€**
TOTAL	**93.855,06 €**	**2.355,86 €**	**(22.686,38€)**	**73.524,54 €**

(1) Los aumentos corresponden a las subvenciones públicas de capital obtenidas.
(2) Las disminuciones se deben al traspaso a resultados de las subvenciones de capital en función de la depreciación experimentada durante el período por los activos que financian.

11.2. Doazóns de capital.

A continuación, indícase o detalle da partida de "Doazóns de capital" no exercicio 2022:

ENTIDADES PRIVADAS CONCESIONARIAS DOAZÓNS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2022	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2022
Premio Cheo de Vida 2019	1.056,01€	00,00€	(749,90€)	306,11€
La Caixa 2018	681,83€	00,00€	(681,83€)	00,00€
Fundación ONCE 2019	2.547,01€	00,00€	(860,00€)	1.687,01€
Banco Santander 2019	2.284,25€	00,00€	(1.250,00€)	1.034,25€
Proxecto DONO 2019	2.371,14€	00,00€	(1.274,63€)	1.096,51€
Fundación Carrefour	1.338,83€	00,00€	(447,50€)	891,33€
Proxecto DONO 2022	00,00€	11.103,04€	(2.578,03€)	8.525,01€
TOTAL	**10.279,07€**	**11.103,04€**	**(7.841,89€)**	**13.540,22€**

(1) Doazóns privadas obtidas no exercicio.
(2) Traspaso a resultados das doazóns de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian (detállanse na Nota 11.4).

A continuación, detállase a orixen dos saldos e variacións no exercicio 2023 da partida de "Doazóns de capital":

ENTIDADES PRIVADAS CONCESIONARIAS DOAZÓNS DE CAPITAL	Saldo inicial 01/01/2023	Aumentos (1)	Diminucións (2)	Saldo final 31/12/2023
Premio Cheo de Vida 2019	306,11€	00,00€	(306,11€)	00,00€
Fundación ONCE 2019	1.687,01€	00,00€	(860,00€)	827,01€
Banco Santander 2019	1.034,25€	00,00€	(1.034,25€)	00,00€
Proxecto DONO 2019	1.096,51€	00,00€	(1.096,51€)	00,00€
Fundación Carrefour	891,33€	00,00€	(447,50€)	443,83€
Proxecto DONO 2022	8.525,01€	00,00€	(2.775,76€)	5.749,25€
TOTAL	**13.540,22€**	**00,00€**	**(6.520,13€)**	**7.020,09€**

(1) Os aumentos corresponden ás doazóns de capital obtidas no exercicio.
(2) As diminucións débense ao traspaso a resultados das doazóns de capital en función da depreciación experimentada durante o período polos activos que financian (detállanse na Nota 11.4).

11.3. Outras Subvencións e doazóns

A continuación, indícase o detalle da partida de "Outras Subvencións e doazóns" no exercicio 2022:

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS / DOAZÓNS PARA ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2022	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2022
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social: Convenio para o financiamento de Programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependencia e as súas familias e para o mantemento da Federación	00,00€	998.528,79 €	(998.528,79€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Convenio de Envellecemento	00,00€	100.000,00 €	(100.000,00€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Subvención con cargo al 0,7% do IRPF BS623D	00,00€	545.653,48 €	(545.653,48€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade: Programas de Cooperación: procedementos TR352A y TR352B	00,00€	424.270,44 €	(424.270,44€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade: Servizo de Orientación laboral	00,00€	79.763,94 €	(79.763,94€)	00,00€
Deputación Provincial de A Coruña	00,00€	13.400,00 €	(13.400,00€)	00,00€
Deputación Provincial de Ourense	00,00€	3.150,00 €	(3.150,00€)	00,00€
Deputación Provincial de Pontevedra	00,00€	6.001,22 €	(6.001,22€)	00,00€
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Convenio EAPN Galicia.	00,00€	74.440,00 €	(74.440,00€)	00,00€
IGVS cesión 3 vivendas	00,00€	15.000,00 €	(15.000,00€)	00,00€
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS (A)	***00,00€***	***2.260.207,87€***	***(2.260.207,87€)***	***00,00€***
Fondation Amigo	00,00€	25.000,00€	(25.000,00€)	00,00€
Fundacións Konecta-Mapfre: Programa Juntos Somos Capaces	00,00€	8.700,00€	(8.700,00€)	00,00€
Fundación A Caixa	00,00€	25.950,00€	(25.950,00€)	00,00€
Fundación Mapfre	00,00€	10.000,00€	(10.000,00€)	00,00€
Captación A Voz de Galicia	00,00€	1.085,76€	(1.085,76€)	00,00€
A Voz Audiovisual	00,00€	2.800,00€	(1.000,00€)	1.800,00€

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS / DOAZÓNS PARA ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2022	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2022
Premio Federico Mayor Zaragoza	00,00€	400,00€	(400,00€)	00,00€
Doazóns particulares-empresas	00,00€	500,00€	(500,00€)	00,00€
Doazóns particulares	00,00€	838,00€	(838,00€)	00,00€
TOTAL OUTRAS DOAZÓNS (B)	***00,00€***	***75.273,76€***	***(73.473,76€)***	***1.800,00€***
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS E DOAZÓNS (A+B)	**00,00€**	**2.335.481,63€**	**(2.333.681,63€)**	**1.800,00€**

Na partida "Outras Subvencións e doazóns", rexístranse as subvencións públicas e as doazóns privadas concedidas e consideradas non reintegrables, para destinar ás actividades e programas executados pola Federación no exercicio da súa actividade. A continuación, detállanse a orixe dos saldos e variacións en dita partida de forma separada por financiadores públicos e privados para o ano 2023:

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS / DOAZÓNS PARA ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2023	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2023
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude: Convenio para o financiamento de Programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependenza e súas familias e para o mantemento da Federación	00,00€	1.207.608,00 €	(1.207.608,00€)	00,00€
Xunta de Galicia Consellería de Política Social: Subvención con cargo al 0,7% del IRPF BS623D	00,00€	542.414,68 €	(542.414,68€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade: Programas de Cooperación: procedementos TR352A e TR352B	00,00€	420.506,96 €	(420.506,96€)	00,00€
Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade: Servizo de Orientación laboral	00,00€	81.993,72 €	(81.993,72€)	00,00€
Deputación Provincial de A Coruña	00,00€	25.200,00 €	(25.200,00€)	00,00€
Deputación Provincial de Ourense	00,00€	3.624,00 €	(3.624,00€)	00,00€
Deputación Provincial de Pontevedra	00,00€	5.699,20 €	(5.699,20€)	00,00€
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Convenio EAPN Galicia.	00,00€	95.480,00 €	(95.480,00€)	00,00€
IGVS cesión 3 viviendas	00,00€	15.000,00 €	(15.000,00€)	00,00€
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS (A)	***00,00€***	***2.397.526,56€***	***(2.397.526,56€)***	***00,00€***
Fondation Amigo	00,00€	40.000,00€	(40.000,00€)	00,00€
Fundacións Konecta-Mapfre: Programa Juntos Somos Capaces	00,00€	4.800,00€	(4.800,00€)	00,00€
Fundación Inocente Inocente	00,00€	25.000,00€	(25.000,00€)	00,00€
Fundación Barrie (especie)	00,00€	2.641,43€	(1.056,57€)	1.584,86€
Captación La Voz de Galicia	00,00€	1.340,90€	(1.340,90€)	00,00€
La Voz Audiovisual	1.800,00€	1.800,00€	(1.800,00€)	1.800,00€
Prezero	00,00€	3.482,75€	(3.482,75€)	00,00€

ENTIDADES PÚBLICAS / PRIVADAS CONCESIONARIAS SUBVENCIÓNS / DOAZÓNS PARA ACTIVIDADES	Saldo inicial 01/01/2023	Aumentos	Diminucións	Saldo final 31/12/2023
Doazóns particulares-empresas	00,00€	500,00€	(500,00€)	00,00€
Doazóns particulares	00,00€	2.253,45€	(2.253,45€)	00,00€
TOTAL OUTRAS DOAZÓNS (B)	***1.800,00€***	***81.818,53€***	***(80.233,67€)***	***3.384,86€***
TOTAL OUTRAS SUBVENCIÓNS E DOAZÓNS (A+B)	**1.800,00€**	**2.479.345,09€**	**(2.477.760,23€)**	**3.384,86€**

O saldo final correspóndese cunha doazón entregada en decembro pola Voz Audiovisual, e que será imputada a resultados nos seguintes exercicios, destinándoa aos fins da entidade por importe de 1.800 € e unha doazón en especie recibida por Fundación Barrié para realizar o servizo SÉ da páxina Web, tendo a parte para executar no 2024 un valor de 1.584,86 €.

11.4. Imputación ao resultado de Subvencións e doazóns.

11.4.a) Imputación ao resultado de Subvencións e doazóns de explotación afectas a actividade propia.

A imputación de subvencións e doazóns de explotación concedidas á Federación para destinar ás súas actividades ten a seguinte desagregación no ano 2023:

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**APLICACIÓN**
Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude: subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas	61.907,49 €	Área transversal / Apoio a familias de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	59.838,16 €	Área de vida adulta e independente / Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectualais
	38.512,55 €	Área de educación / Programa de inclusión educativa de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
	38.512,55 €	Área complementaria / Ocio e Vida saudable de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
	38.512,55 €	Área transversal / Programa de apoio psicológico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
	38.512,55 €	Área transversal / Programa de sensibilización de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN		
ENTIDADE (ORIXE)	**IMPORTE**	**APLICACIÓN**
	37.133,00 €	Área formación e empleo / Estimulación cognitiva de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
	38.512,55 €	Área transversal /Programa de accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual
	37.721,07 €	Área formación e emprego / Programa autonómico de itinerarios de inclusión sociolaboral de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
	19.552,65 €	Área formación e emprego / Ecofriendly 21: itinerario de formación e inclusión sociolaboral como axentes de acción medioambiental para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
	9.614,49 €	Área de vida adulta e independente/Programa de encontros bilaterais de mozos e mozas do movemento Down Galicia
	30.315,97 €	Área Transversal / Implantación e renovación do equipamento informático e audiovisual
	31.160,84 €	Área Transversal / Acondicionamento e mellora de recursos materiais para o servizo de promoción da autonomía persoal
	31.304,13 €	Área Transversal /Proxecto de ampliación e mellora do centro de servicios S.E.P.A.P. Down Compostela. Se actúa como intermediaria canalizando a financiación cara as entidades membro
	31.304,13 €	Área Transversal /Centro de promoción de autonomía persoal Ourense. Se actúa como intermediaria canalizando a financiación cara as entidades membro
